

## DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

XUNTA DE GALICIA

San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela

**Asunto: NON ÁS COMPETICIÓNS DE RAPOSOS**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número  
\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, municipio de  
\_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

### **EXPÓN:**

Á vista do calendario de competicións da caza de raposo en Galicia previstos para o ano 2023:

<b>CAZA DE RAPOSO</b>	<b>DATA</b>
Campionato provincial da Coruña	7 de xaneiro de 2023
Campionato provincial de Lugo	14 de xaneiro de 2023
Campionato provincial	7 de xaneiro de 2023
Campionato provincial	14 de xaneiro de 2023
Campionato galego	21 de xaneiro de 2023
Copa España	-
Copa provincial de Lugo	-

**1.- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia debe prohibir os competicións de raposos e impedir a celebración das competicións previstas para o ano 2023.**

**Os raposos prestan servizos ecosistémicos de carácter esencial.** Un servizo ecosistémico de importancia que realiza é o da eliminación e procesado de cadáveres de animais e dos seus restos, limpando así o campo ao eliminar carroñas dos nosos montes que poden ser focos de infección para outros animais, como a mixomatose do coello. Outro servizo ecosistémico realizado polo raposo é o control de pragas agrícolas, depredando sobre as poboacións de pequenos vertebrados que poden ser prexudiciais para o ser humano e axudando a manter o equilibrio ecolóxico. Unha poboación sa de raposos mantén baixo control aos roedores actuando sobre os eventuais incrementos no seu número, suavizando este incremento e evitando males maiores para as colleitas. Se cadra, a máis relevante é a implicación sanitaria que ten isto no control da enfermidade de Lyme (borreliose), unha doenza que se non se diagnostica pronto e non se trata a tempo pode provocar secuelas importantes. Transmítese dos animais ao home (zoonose). O axente etiolóxico é a bacteria *Borrelia burgdorferi* que se aloxa asintomáticamente nos roedores. O vector que a transmite é un ácaro chupador de sangue, o carracho *Ixodes ricinus*. Existe evidencia científica de que cantos máis raposos manteña un bosque, menos roedores existen e os que logran sobrevivir campean menos e polo tanto baixa a posibilidade de que os múridos sexan hospedadores das garrapatas e que así éstas sexan transmisoras das borrelias que producen a Enfermidade de Lyme no ser humano. Tense cuantificado en 20 veces menos o descenso da presenza de carrachos infectados por *Borrelia burgdorferi* en bosques ben poboados de raposos. Por tanto nos bosques nos que existan raposos, lobos, aves rapaces ou calquera outro depredador de roedores estamos a ser asistidos por loitadores biolóxicos que axudan a diminuír a incidencia da Enfermidade de Lyme.

Continuando cos servizos ecosistémicos, tal vez o menos coñecido é o da **diseminación de sementes**; o raposo actúa tratando as sementes e espaxándolas pola contorna ao longo de quilómetros nas súas roldas diarias. Este pequeno cánido, é un animal clave para a restauración natural dos ecosistemas xa que a súa dieta está composta parcialmente de froitos e bagas de plantas, árbores e arbustos que son dixeridos, separando así as súas sementes da pulpa e pel para máis adiante ser excretados lonxe da poboación vexetal orixinal onde as sementes poden xerminar colonizando así outras zonas e mellorando a diversidade vexetal deses lugares. Nos últimos anos autorízanse os chamados campionatos de caza de raposo sen a elaboración previa dun censo de raposos que achegue información acerca da densidade actual do raposo a nivel local ou autonómico. Tamén é perseguido na denominada caza por xestión, na que se mata por competir cos cazadores, maiormente pola caza sementada de especies de caza menor. Estas accións afectan gravemente ás poboacións de raposo e polo tanto ao equilibrio dos ecosistemas. En ningún caso fomentan os recursos cinexéticos e o bo estado ecolóxico do medio natural.

Sabemos que o raposo é máis necesario no campo que nunca por ser o antídoto para evitar o contaxio e expansión da enfermidade vírica do coello. Todos os cazadores ben o saben. Acaba coa praga de ratos do campo. Alí onde non haxa raposos todos os anos haberá mixomatosis e outras pestes no coello. Onde haxa raposos haberá coellos.

2.- Cada ano a Xunta de Galicia autoriza «campionatos» para masacrar raposos coma se matar fauna silvestre fose un deporte. En poucos anos foron tiroteados máis de 90.000 mamíferos por simple diversión.

A caza non ten ningunha finalidade nin demostrou utilidade algunha, supoñendo, só en Galicia, milleiros de animais tiroteados, **contaminación por chumbo causada pola munición** e que as persoas non poden transitar libremente polo monte.

Os campionatos perpetúan a idea de que os raposos son unhas alimañas ás que controlar. Ademais é un contrasentido que se organice un campionato para ver quen mata máis en menos tempo.

**A partir do día 6 de xaneiro moitas femias do raposo están xa preñadas.** A finais de decembro comeza o celo nelas, iníciase entón a súa época de máxima sensibilidade. Os competidores móstranse moi satisfeitos de matar o maior número de animais, descoñecendo o número de femias que se van feridas, que probablemente abortarán ou morrerán nos seus tobos. Algúns animais contraerán infeccións no seu corpo pola penetración da munición, infeccións na pel, de aí contraerán a sarna e outras enfermidades; infectarán os montes e contaxiaranse moitas outras especies; ademais dos raposos sans, lobos, animais domésticos, etc.

En virtude do anterior,

#### **SOLICITA:**

1.- A **PROHIBICIÓN DAS COMPETICIÓNS DE RAPOSOS EN GALICIA** que claramente vulneran a Lei 13/2013 de caza de Galicia. Segundo esta lei, non seu artigo 1. *Obxecto e finalidade*, indica: “*Esta lei ten por obxecto regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados*”. **NON ÁS COMPETICIÓNS DE RAPOSOS NO ANO 2023**

2.- A **SUSPENSIÓN DAS COMPETICIÓNS DE RAPOSOS PREVISTOS PARA O ANO 2023** en base ao principio de precaución en materia ambiental, polos grandes servizos ecosistémicos que estes prestan, por estar as femias de raposo xa preñadas nas datas de celebración dos campionatos, na época de máxima sensibilidade e a contaminación por chumbo procedente da munición.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2023

Asdo. \_\_\_\_\_